



Música tradicional, moito máis que a memoria do país

Federación Galiza Cultura

Desde os anos sesenta e setenta do pasado século, asociacións culturais repartidas por todo o país cumpriron un papel fundamental no coñecemento e na divulgación da historia, a economía, a arte, a música, a literatura, o teatro... da Galiza, e na análise doutros feitos culturais e políticos do mundo. Ágora aberta a públicos en número e variedade superiores a calquera convocatoria académica, universitaria ou institucional. A Federación Galiza Cultura, no centenario da I Asemblea Nacionalista (Lugo, 1918) reavivará o principio nela proclamado da “soberanía estética da nación galega” e seguirá a socializar aquela difusión cultural, en galego e desde a Galiza, que tanta falta fai para o exercicio dunha galegitude consciente e para voar por riba de localismos e de mimetismos acríticos. Minoría, con firme vontade de deixar de o ser.

“A cultura de base é un dereito”

Entrevista a María Xosé Bravo, presidenta da AC Alexandre Bóveda. >>>> 8

A música tradicional e a ACAB

O pobo galego, a pesar de ter sonda en certos países veciños de ser un pobo morriño, posúe, no entanto, unha rica tradición musical sen parangón noutras nacións. A súa música, en que sobresaen instrumentos dotados de grande simbolismo nacionalitario como a gaita, e o seus cantos populares, algúns deles compilados xa no século XVIII, verifican un percurso músico-cultural moito valorizado actualmente no estranxeiro e interpretado, para alén de coñecidos grupos galegos, por conxuntos ou solistas de estilo folque como a Bagad Kemper, Dulce Pontes, Lúnasa, Patrick Molard, Solas, The Chieftains, The Tannahill Weavers e un longo etcétera.

Xosé Manuel Sánchez Rei

A música de orixe ou inspiración tradicional da cidade e comarca da Coruña fai parte dese legado histórico e contribúe para o dotar da súa particular idiosincrasia local. A fundación do coro Cántigas da Terra no ano 1916 e a existencia de emblemáticos gaiteiros e cuartetos de gaita, tales como Asubío, Brisas da Coruña, Francisco Paradela e Miguel Anxo López Paradela, Henrique Ambite e a súa familia, Os Tempranos de Eirís, Millo Verde, etc. corroboran esa forza de expresión popular, como moito ben pondera Ramón Rodríguez Palleiro, “Moncho do Orzán”, no seu excelente estudo *Farruco de Montrove e os gaiteiros da Coruña* (2017). Tamén non será por un acaso que o grupo embaixador por excelencia da música galega, Milladoiro, ofrece o seu primeiro concerto na cidade un día 15 de maio de 1979, no cal obtivo o primeiro dos seus inúmeros sucesos e a garantía de que o percurso iniciado naquela tarde ía percorrer, a través dun *longo camiño branco*, tanto os palcos de moitas romarías e festas galegas canto os escenarios máis exclusivos do mundo.



A poesía e o canto tradicionais posúen de seu a súa importancia non menor no marco dese patrimonio. A Agrupación Cultural Alexandre Bóveda (ACAB) sempre foi consciente desa relevancia, de aí que contase, até non hai moito tempo, con aulas de canto e cunha coral, dirixida inicialmente por Xosé Casal e xa nos últimos anos por Juan Brage. Máis unha proba do compromiso da entidade coa música oral de orixe anónima son as aulas de pandeireta, leccionadas polo gaiteiro Pepe Temprano, unha figura basililar para entendermos a música galega contemporánea, ao cal a ACAB lle fixo non hai moito unha homenaxe en colaboración coa Asociación de Gaiteir@s Galeg@s e con outros organismos.

A través dese canto e poesía

tradicionais, pódense obter informacións preciosas sobre aspectos culturais, lingüísticos, históricos ou socioeconómicos á volta da vida dos nosos antepasados nos séculos XVIII-XIX. De feito, non se torna raro que moitas persoas que se dedican á investigación en ámbitos tales como a historia, a lingua ou a socioloxía acudan cunha certa regularidade ao cancionero tradicional para ilustraren as súas observacións ou para obteren rastros en determinadas castes de pesquisas científicas. A ACAB é sabedora de todo este potencial e, cando organiza certas actividades, conta con esa música cantada popular. Nas xa case tradicionais actividades dedicadas á toponimia, poñamos por caso, patentea con orgullo esas fontes de información. Así, a título de mostra,

Nena traballando na Coruña nos inicios do século XX.



pode constatarse a forma correcta de moitos nomes de lugar hoxe deturpados ou barbarizados apelándonos precisamente a eses cantares; nestes medios, se alguén tiver dúbidas sobre como se chama a vía que une a rúa Real coa Praza de María Pita, a teor do barbarismo *Riego del Agua, pode ler nun cantar colixido na Coruña na segunda metade do século XIX o seguinte: *Ó pasar o Rego d'Agua, / o Rego d'Agua da Cruña, / ó pasar o Rego d'Agua / embarqueime na falúa*. Ao paso, quen hesitar no nome que mormente recibe hoxe en día un coñecido espazo público ten na poesía cantada a solución: en vez do topónimo *Plaza de España, verá que nuns versos do século XIX figura a forma tradicional ao ler *Adeus, meu Campo da Leña, / adeus, esquina do Parque; / moitos suspiros me debes, / esquina do baluarte*.

Por outra parte, o labor de reivindicación dos dereitos das mulleres que se fai na ACAB é ben coñecido, tanto polo seu papel na Marcha Mundial de Mulleres como polos actos que organiza regularmente. Tamén a música oral de orixe anónima serve aquí como máis un elemento que, usado coa prudencia necesaria, alicerza esa loita pola igualdade. Ob-

servamos como a peor violencia física que se pode exercer contra unha muller aparece reflectida en forma duns versos populares oitocentistas que aluden a eses actos de terror: *Fun á fonte beber auga, / nunca tal auga bebera; / déronm'unha puñalada / na miña cofia de seda*. Noutras ocasións, o inicio nas relacións eróticas é presentado, en forma de metáfora, como algo que provoca pensamentos saudosos, conforme se deduce desta cuadra compilada no mesmo século: *A subila, a baixala, / a costa de Culleredo, / a subila, a baixala, / perdín a cinta do pelo*. E, igualmente, a sensación de indefensión social a que se vían sometidas moitas mulleres que ficaban viúvas, sobre todo as pertencentes aos estratos socioeconómicos menos favorecidos, transparece de novo no cancionero anónimo: *Ai, viuviña, dáme creto, / que ninguén cho ha de saber, / que na viña vendimada / ninguén pode ir escoller*.

Falamos da poesía cantada tradicional fai necesaria a presenza dun comentario sobre como se poden aproveitar eses materiais para aprimorarmos a calidade da lingua. Moitos dos fenómenos característicos do sistema lingüístico galego-por-

tugués aparecen nos versos anónimos, a carón –hai con todo que o dicir– daqueloutros que máis contribúen para a súa desnaturalización. Deixando de lado estes últimos, nos cursos intensivos de lingua que regularmente organiza a ACAB, a recorrencia ao cancionero tradicional vira unha ferramenta asaz empregada: da súa lectura asistimos ao uso correcto do pretérito do subxuntivo en vez da confusión co antepretérito do indicativo (*Pasei por Río de Quintas / caladiño com'un rato / para que non me pegasen / as nenas do Portádego*; etc.), ao uso canónico do futuro do subxuntivo (*Dinme que non teño rendas / para manter a muller; / birbirichos da Pasaxe / que coma cantos quixer*; etc.), á documentación do complemento directo sen preposición referido a persoas (*Vamos xa comprar os homes, / ben baratos eles son: / os casados son a carto / e os solteiros, inda non*; etc.) etc.

Máis un campo de coñecemento en que a poesía tradicional serve como constatación de feitos é o da historia. Os cantares anónimos veri-

fican con frecuencia aconteceres e feitos de relevancia no pasado, ben como realidades sociais ou culturais propias doutros tempos. Así, por exemplo, despois da eliminación do Reino da Galiza das sete provincias polo ministro español Javier de Burgos en 1833, o territorio, non sen algunhas hesitacións, pasa a se organizar nas actuais catro demarcacións provinciais. Por iso, un cantar como este dá conta desa nova administración e só pode ser localizado cronoloxicamente a partir daquela data: *Lugueses son os de Lugo, / na Coruña coruñeses, / son en Ourense ourensáns, / os d'aquí pontevedreses*.

En síntese, podemos concluír a afirmar que a poesía e a música cantada tradicionais galegas constitúen un patrimonio cultural de primeira orde. Toda ela, xuntamente coa máis característica da comarca da Coruña, é frecuentemente posta en valor e utilizada pola ACAB nalgunhas das súas actividades. O pobo galego merece que se salvagarde ese legado e a entidade contribuirá, na medida das súas forzas, para isto así ser.

O CANTO POPULAR ESPELLA A REALIDADE HISTÓRICA, CULTURAL E LINGÜÍSTICA DO PAÍS

A muller e o canto tradicional

Foron elas as protagonistas na transmisión da música popular



X. M. S. R.

Quen se ocupou de xerar e de transmitir maioritariamente as poesías e os cantares anónimos? Neste punto, cómpre, pois, facermos unha reflexión doutra índole a respecto das persoas ás cales foron tradicionalmente compiladas esas estrofas. No xeral, a procedencia socioeconómica dos individuos a que foron coleccionados os cantares correspondía aos sectores máis populares e, dentro desas camadas sociais menos favorecidas, a teor do que sabemos hoxe en día, foi a muller a que desempeñou a esencial centralidade no proceso de manutención e de xeración da lírica tradicional. Na literatura culta galego-portuguesa, española ou catalá, por exemplo, o protagonismo da muller, salvando excepcións, non correu a mesma sorte. Mais na literatura tradicional, cando se produce a eclosión cultural, literaria e política que significou o Rexurdimento, a relevancia da muller foi notoria neste sentido, o que non pasou desapercibido aos protagonistas dese movemento de rexeneración oitocentista. Así, Murguía (*Historia de Galicia*, 1865), inspirándose en Sarmiento, puxo de relevo o papel das galegas como principais intérpretes e transmisoras do canto e da poesía anónima: “las mujeres en especial, parecen haber inventado este medio de dar á conocer sus sentimientos, dirigirse y decir en verso toda clase de ternezas y dar avisos y consejos á las personas á quienes aman, burlarse de sus enemigos, defender sus defectos, etc., pues leyendo nuestros cantares, es cuando se comprende con cuanta razón dijo Sarmiento, que en Galicia, son las mujeres las que inventan la música y la letra de sus cantares”.

De igual modo, tamén en Martiño Sarmiento se basearía José Pérez Ballesteros para preludiver o seu *Cancionero popular gallego* (1885-1886). O

colector, na primeira nota a rodapé dos tres volumes, manifesta o seguinte, moi to na liña de Murguía: “El P. Sarmiento, á mediados del siglo pasado, hallábalas [as cántigas tradicionais] cosa corriente en Portugal, donde ‘cada pastor es poeta y cada moza de cántaro poetisa’, circunstancia que aunque común a toda España es más notoria y frecuente en Portugal y Galicia. Y añade aquel ilustre escritor: ‘En Galicia las mujeres no son sólo poetisas sino músicas naturales’”.

Un outro escritor da época, Augusto González Besada (*Historia crítica de la literatura gallega*, 1887), harmoniza con estas impresións, o que vén redundar, máis unha vez, no grao de responsabilidade que tivo a muller na transmisión e xeración de lírica e música orais: “las mujeres [...] son según sabios autores cuentan, las inventoras de la poesía popular [...]. Por de pronto, bueno será hacer notar que cualquiera chicuela de nuestros días compone con natural desenfado una copla, que canta con especial tonillo, no bien está aderezada; y de la misma manera que rima sus pesares, pone en caricatura al que más ajeno está de ser objeto de su atención”.

E a poesía e o canto anónimos tamén non podían pasar desapercibidos a un estudioso da música como José Inzenga y Castellanos (*Cantos y bailes*

populares de España, 1888) no que di respecto á principal responsabilidade da xeración dos cantares tradicionais: a seu ver, a muller galega “es la que inventa la música y la letra de todos ellos, para dar á conocer por este medio sus senti-

mientos, dirigirse y decir en verso toda clase de ternezas, y dar avisos y consejos á las personas á quienes aman, burlarse de sus enemigos ó disculpar sus defectos”.

Outrosí, dada esa centralidade das mulleres galegas nese ámbito, non é raro que chamase tamén a atención dalgúns autores nados noutras latitu-

MURGUÍA FOI PIONEIRO NA REIVINDICACIÓN DO PAPEL DA MULLER NO CACIONERO TRADICIONAL



des da península ibérica onde as mulleres posibelmente non terían un papel tan relevante nese proceso de transmisión oral. O xuíz español Nicolás Tenorio Cerero, maxistrado andaluz que estivo destinado en Viana do Bolo entre os anos 1900-1906 e en Vilamartín de Valdeorras durante o período 1906-1910, sorprendeuse sobremaneira de que as mulleres participasen nos labores agrícolas e de que adoito o fixesen a cantaren; no seu interesante libro *La aldea gallega*, publicado orixinariamente en 1914, poden lerse comentarios como estes, totalmente explícitos a propósi-

to do protagonismo das galegas nese particular: “casi siempre cantando, se las encuentra en los valles y laderas, unas veces conduciendo los bueyes y el arado; otras, extendiendo los abonos sobre la tierra [...]. Cuando se acerca el tiempo de la siega, las mozas de la aldea [...] a pie y cantando entran en la villa, que toman como centro para celebrar sus contratos [...]. Las xeiureiras siegan cantando, y lo hace la cuadrilla a coro; una de ellas entona la canción, las demás repiten los mismos versos o estrofa que cantó la primera, sin que por ello dejen de cortar la mies [...]. Con-

cluída la xeiura [...], vuelven a la aldea para el día de la Virgen de Agosto, a pie y cantando, como salieron”.

As impresións destes eruditos explicitan con clareza como nesas comunidades rurais a poboación feminina tivo unha importancia de primeira orde, idea tamén subliñada nos nosos días por Domingo Blanco (*A poesía popular en Galicia*, 1992), entre outros. Nas mulleres arraizou (in)conscientemente a responsabilidade da transmisión e mesmo da creación da música e poesía orais. Parece como se a falta da cultura escrita e da alfabetización, vetadas para

a muller na sociedade galega até non hai moito tempo, fosen supridas pola súa mestría neste tipo de literatura inicialmente ágrafa, sempre se admitindo a súa dedicación á lírica anónima mais a se descartar que, en xeral, puidese ter acceso aos libros. E mesmo o grao de alfabetización e a vixencia da lírica tradicional parecen ter sido incompatíbeis, xa que alí onde chegou máis tarde a escolarización, isto é, ao mundo rural, foi onde se mellor conservou este tipo de manifestación literaria, ao paso que nos ambientes citadinos foi onde primeiro comezou a deserción da literatura oral. Aínda nos nosos días, cando se leva á práctica un traballo de campo para recoller cantares anónimos, pode evidenciarse o protagonismo da muller: o *Cancioneiro de Cabana de Bergantiños* editado por Pablo e Olga Kirk (2012) ten, dun total de 46 informantes, 35 mulleres e 11 homes.

Porén, non hai un único tipo de muller cando se pensa no prototipo das poetas e cantoras anónimas, mais deberon de existir tantos como situacións persoais e sociais caracterizaban os colectivos femininos populares. Temos de contar con mulleres novas ou idosas, solteiras ou casadas, nais ou fillas, felices ou desafortunadas, resignadas ou combativas, respectadas socialmente ou criticadas, mellor localizadas economicamente ou peor situadas etc. De aí tamén a enorme cantidade de perspectivas que ofrece o cancionero cando se desenvolven determinadas temáticas de carácter máis persoal, cal as relacións erótico-afectivas, en que xorde unha verdadeira polifonía de notas capaces de constituíren un tan variado como amplo corpus do punto de vista antropolóxico.

Concluíndomos, se desde a ACAB se pon en todo o momento en valor a importancia das mulleres na sociedade galega e se reivindica a súa figura, non é menos certo que desde o ámbito da literatura e música tradicionais tamén se deben situar nos postos que lles corresponden, que sempre, a noso ver, están entre os máis altos.

No camiño dun cancionero reivindicativo da muller

X. M. S. R.

Algúns dos cantos tradicionais galegos teñen sona de posuíren un marcado verniz misóxino, o que, sendo certo, constitúe unha característica común con outros cancioneros hispánicos de orixe popular. No caso da Galiza, que é o que máis nos interesa, hai efectivamente cantares que agochan unha gama moito variada de tratamentos sexistas das mulleres, os cales van desde subtís micromachismos a explicitacións de verdadeiros actos de terrorismo. Porén, é certo que existen outros textos que se sitúan estética e tematicamente afastados daquelos outros que se poden considerar máis sexistas e até sobrancean algúns

HAI UN FEIXE DE CANTOS TRADICIONAIS EN QUE AS MULLERES ERGUEN A SÚA VOZ CONTRA O PATRIARCADO E A VIOLENCIA MACHISTA

en que se pondera a figura feminina, ora por reivindicación consciente, ora por sublimación compensatoria nunha sociedade dominada polo patriarcado: mulleres que deciden sobre a súa vida afectiva, mulleres que non calan perante as inxustizas dos homes, mulleres que se defenden etc.

Na ACAB pensamos que tamén no ámbito da cultura oral popular se pode utilizar o cancionero tradicional tanto para o reivindicarmos como parte fundamental dun importante legado histórico canto para avanzarmos no camiño da igualdade. Por iso, como proposta, recollemos a seguir algunhas cuerdas en que o tema central son as mulleres, embora cantadas cunhas liñas estéticas diferentes daquelas consideradas discriminatorias. Para esta pequena mostra, tivemos en conta a recente obra de X. M. Sánchez Rei, *Cantar na Coruña. Cancioneiro coruñés dos sé-*

culos XVIII-XIX (2017), que recolle textos tradicionais da localidade herculina e da súa comarca.

Nese traballo, entre outros textos, podemos achar poemas en que se pondera unha presumíbel capacidade de decisión das mulleres até en casos de ofensa verbal:

*Non penses que me pos medo
co'ese teu ameazar;
hei facer o meu antollo
mais que te vexa rabiar.*

Igualmente, detéctanse poemas en que se salienta a xusta negativa das mulleres a decidiren sobre cando e con quen manteren relacións sentimentais ou sexuais, tema tan infelizmente de moda nos últimos meses:

*Ai, adeus, miña miniña,
miniña revoltadora;
botáchesme fóra as pallas,
onde hei de dormir agora?*

*Ó pasar a barca díxom'o patrón:
-Pobre rapaciña do meu corazón;
logo d'escoitalo tanto me rin,
que o patronciño nunca máis o vin.*

*Pasei pola túa porta,
erguín os ollos e vin
un letreiro que me dice
"Ti non es para min."*

*Por unha vez que cho diga,
outra que cho diga basta:
non quero ser pretendida
por fillo de mala casta.*

*Se me rondan, que me rondan,
eu non quero ser rondada,
pois digo unha vez que non,
non quero ser porfiada.*

Outrosí, hai tamén cantares en que figuran as mulleres defendéndose a través de medios físicos dos ataques dos homes ou que deciden, elas propias, tomaren a xustiza pola man perante unha aparente inoperancia dos poderes públicos:

*A muller pegóull'ó home
coas varas dun argadelo;
que lle pegue ó seu marido,
xa que pode está ben feito.*

*Pasei por Río de Quintas
caladiño com'un rato
para que non me pegasen
as nenas do Portádego.*

Para moitas mulleres, o feito de casaren supuña simplemente que a persoa que mandaba nelas deixaba de ser o pai e pasaba, no novo estado civil, a ser o marido. Frecuentemente, a situación da noiva non só non melloraba, mais antes costumaba virar peor ao estar agora totalmente subxugada ao seu home. Por iso, non se torna infrecuente documentarmos cantos en que se denuncia esa situación, mesmo nalgún caso con referencias explícitas á violencia física practicada contra as esposas:

*Casadiña de tres días,
logo levache unha tunda;
se as solteiriñas o saben
non se casaba ningunha.*

*-Dime, casadiña nova,
como che vai de casada?
-Como criada que serve
e non lle pagan soldada!*

*Se o casar fose dun día,
ou sequera por un ano!
Esto de ser para sempre,
Deus nos teña da súa mao!*

De por parte, non faltan cántigas en que se cuestiona o pouco valor da figura masculina, o que é expresado normalmente en termos económicos ou até afectivos:

*Este ano hai moito liño,
este ano hai moita aresta;
os rapaciños d'agora
cheiran a mexo que apestan.*

*Moreniña ha de ser
a terra para dar nabos;*



*e o home, para ser bo,
ha de ser moído a paus.*

*Mala xesta varredeira
veña polo bon varón,
veña por tódolos homes
por cantos no mundo son.*

*Vaia, louvadiño sexa Deus!
que xa vén a barateza:
os homes van a real,
catro por unha peseta!*

Na programación da asociación cultural, as manifestacións teatrais e musicais danse a man.



*Cando vou para a Coruña
vou por Santa Margarida;
se meu pai quere ser bo
que se quite da bebida.*

*O boi i o carro perdeche,
foiche de tanto beber;
mal lle vai á cabezalla
s'a chavella se perder!*

Ao mesmo tempo, deixándonos de parte estas temáticas, existe un considerábel número de poemas tradicionais que se centra nas mulleres como intérpretes desta tipoloxía de manifestación artística. O curioso é que nunca ou case nunca se fai mención aos homes como persoas capaces de desenvolveren tales responsabilidades. Os seguintes textos falan precisamente dese protagonismo feminino:

*Dependéronm'a cantar
as meniñas de Rianxo;
dependéronm'a cantar
indo polo mar abaixo.*

*Deprendeume miña nai
a toca-la pandeireta;
dependeume miña nai
cando me sacou a teta.*

*Dices que non canto ben,
para ti canto bastante;
se non me queres oír,
arre, burro, para diante.*

En resumo, o cancionero tradicional coruñés e galego ofrece mostras de como se poden aproveitar algúns dos seus textos para reivindicarmos o feito de algunhas mulleres non calaren perante determinadas hostilidades de orixe masculina. Na ACAB somos da opinión, igualmente, de que moitas desas mostras de literatura e música orais deben servir de forma a condenarmos eses contextos de inxustiza, aínda que sexa, neste caso, desde unha esfera máis lúdica.



Ese pouco valor con que son pintados algúns homes parte en ocasións dos habituais enganos nas relacións de parella. Por iso, non se torna estraño que as cantareiras anónimas se queixasen diante deses comportamentos ao veren amigas, familiares ou veciñas que padeceron tal sorte de situacións:

*Nas palabras dos canteiros,
mociñas, non vos fiés:*



*collen os picos e vanse.
Meniñas, que lles farés?*

*Tres mil demoros te leven,
cinco mil carguen contigo!
Se tiñas amor con outra,
pra que falache comigo?*

Por outro lado, a afeizón excesiva dalgúns homes á bebida ten orixinado verdadeiros calvarios a moitas mulleres, nomeadamente na intimi-

dade da vida familiar. O álcool, neses contextos, servía para estimular todo o tipo de agresións que até ao momento da inxesta estaban adormecidas. De aí que algunhas daquelas cantareiras aproveitasen as poesías anónimas para protestaren contra esas situacións, tal como verifican os seguintes poemas, pois en moitos casos era o único medio que tiñan para daren a coñecer en público ese tipo de violencia:

«A cultura de base fai un traballo imprescindíbel»

A inmensa actividade que desenvolve a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, con sede na Coruña, foi recoñecida polo Foro Cívico co galardón Marcelino Liste. Con 42 anos ás costas, a asociación aínda ten moito por reivindicar. Cántanolo a súa presidenta, María Xosé Bravo.

Tamara Martínez Pastoriza

Cales son as liñas de traballo para o próximo ano?

Levamos 42 anos traballando en todo aquilo que ten que ver coa lingua e a literatura do noso pobo, sendo este un dos eixos fundamentais da nosa asociación. Tamén coa memoria histórica, entendida nun sentido amplo e non só a relacionada co golpe de Estado e a represión franquista. Necesitamos contar a historia deste país e levamos tempo traballando nunha liña fundamental, que é a que ten que ver co relato histórico feminista: a historia deste país e a historia das súas mulleres son dúas grandes liñas nas que estamos agora mesmo centradas. Tamén estamos intentando recuperar todo o que ten que ver coas artes plásticas. O noso grupo de traballo Ollo de vidro volve reunirse e xa estamos preparando a saída da súa páxina web.

Como evolucionou a asociación durante este tempo?

Evolucionou fundamentalmente pola necesidade de facer unha programación que responda ás necesidades das propias socias e de toda aquela xente que pase por Alexandre Bóveda con propostas distintas. Unhas das novidades para este último trimestre do ano, e derivada das peticións das socias, é a creación de dous clubs de lectura: un, de literatura universal, e centrado, desta vez, na literatura africana, e outro, enfocada á feminista. O noso traballo sempre tenta ser moi colaborativo con outras asociacións de aquí: AELG, a Asociación Veciñal da Agra, a dos Castros, etc. Ese traballo en común é unha das novidades deste tempo, e nace da idea de que o traballo colectivo serve para multiplicarnos e poder chegar máis lonxe.



Tamén nesa liña de responder ás necesidades que nos vai propondo a xente, outra das nosas novas é a posta en marcha dun curso dirixido a persoas que non coñecen a lingua, xurdido doutro chamado “Mellorando a lingua” e que facemos cada ano en colaboración co profesorado da Universidade da Coruña, orientado a galegofalantes que queren mellorar as súas competencias.

Precisamente son unha das asociacións do país con máis carga de actividade. Como fan para manteren ese nivel de traballo?

Con moita dedicación. Creo que o que nos une é que somos xente moi diversa enfrontándonos, desde diferentes puntos de vista,

a ese desmantelamento da cultura galega, un desmantelamento que seguramente está moi pensado por parte do Partido Popular. Fronte a iso, temos que estar necesariamente activos e facendo cousas, dando visibilidade ao noso, traballando en cuestións relacionadas coa lingua e a cultura galega, coa identidade. Temos unha cultura propia e a nosa responsabilidade como galegos e galegas é defendela.

Que balanço fai da súa etapa como presidenta da AC Alexandre Bóveda?

Levo moi pouco tempo, aproximadamente un ano e pouco. É inxusto falar de presidencia cando temos diante un traballo tan coral. Somos máis de trescentas socias e socios cun traballo que nada ten que ver

co presidencialismo. O noso labor sae das asembleas, aí organizamos quen vai facer os traballos de investigación, quen se encarga das publicacións, etc. Non se chegou aquí co traballo dos presidentes, somos un grupo compacto e diverso facendo cousas moi distintas, o que nos permite ter moita actividade e contribuír dalgunha maneira a iso que chamamos cultura de base, e que é un dereito.

E faládomos de cultura de base, que necesidades ten a cultura de base deste país?

A cultura de base fai un traballo imprescindíbel, un traballo que vén de lonxe e que, pola súa importancia, precisa dun futuro. Necesitamos artellar unha rede de complicidade entre todas as asociacións e colectivos que traballamos para que a cultura sexa un dereito. Se a administración galega fose capaz de estar á altura dos nosos tempos, o labor da cultura de base sería máis fácil, mais o abandono é total. Nós traballamos en todos os eidos e somos as únicas capaces de chegar a todo o territorio. Debemos saber que a cultura sae da xente: facemos cultura no lugar no que traballamos e coa xente coa que compartimos o noso tempo. É unha idea fundamental no traballo desta cultura de base.

Hai, a día de hoxe, algunha prioridade principal no traballo da asociación?

Levamos máis de vinte anos co noso grupo de teatro, e este ano faremos unha especie de festival no Teatro Rosalía: O memorial Ibán Toxero, dedicado ás obras dramaturgas galegas de mulleres e co que queremos dar visibilidade a todo o que se está escribindo actualmente na Galiza. Estamos tentando insistir en todo aquilo que teña que ver coa memoria histórica desde unha perspectiva feminista.

A Asociación Cultural Alexandre Bóveda é unha entidade sen ánimo de lucro, creada en 1976 e que desenvolve o seu labor nomeadamente na cidade da Coruña e na súa comarca. Traballa pola defensa e reivindicación do galego e da cultura galega, ben como pola divulgación da figura e do pensamento de Alexandre Bóveda.

Na imaxe, María Xosé Bravo, presidenta da asociación.

Foto: Distrito Xermar.